



# Implementación de Guías de Boas Prácticas na Enfermería: Excelencia e Evidencia na Atención Sanitaria

MARÍN ARNÉS, María del Rosario<sup>1</sup>, PEGO PÉREZ, Emilio Rubén<sup>2</sup>

<sup>1</sup>Subdirectora Revista Enfermeir@s. Enfermeira Unidade de Neuroloxía e Neurocirurxía do Hospital Universitario Lucus Augusti, Lugo (España).

<sup>2</sup>Director Revista Enfermeir@s. Enfermeiro. Profesor Axudante Doutor Facultade de Enfermería. Grupo de Investigación en Dependencia, xeriatria e xerontoloxía. Universidade de Santiago de Compostela, A Coruña (España).

Recibido: 9 julio 2025 / Aceptado: 14 julio 2025

DOI: <https://doi.org/10.5281/zenodo.16900918>

## RESUMO

A Unidade de Investigación en Coidados de Saúde (Investén-ISCI) e a Asociación de Enfermeiras de Ontario (RNAO) iniciaron en 2011 o Proxecto de Implantación de Guías de Boas Prácticas en Coidados (GBP) en España, co obxectivo de promover a práctica baseada na evidencia. En 2018, a EOXI de Lugo, Cervo e Monforte foi seleccionada para formar parte do Programa de Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados (CCEC), integrándose nunha rede nacional de institucións dedicadas á aplicación sistemática de GBP para mellorar a atención sanitaria.

As GBP, desenvolvidas pola RNAO desde 1999, son ferramentas rigorosas que ofrecen recomendacións baseadas na evidencia para optimizar os coidados ao paciente e mellorar os resultados en saúde. A súa implementación na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos inclúe guías para a

valoración do ictus, a diminución das complicacións do pé diabético, o manexo de accesos vasculares e o fomento da lactación materna. Estas iniciativas reflicten o compromiso da área sanitaria coa excelencia, destacando o papel fundamental da enfermaría na integración de prácticas baseadas na evidencia e na valoración integral do paciente.

A colaboración con proxectos como Investén-ISCI e a iniciativa BPSO permitiu consolidar un modelo de coidados centrado no paciente, interdisciplinar e fundamentado na investigación máis actual. A recente redesignación da área sanitaria como Organización de Referencia para a Implementación de Melloras Prácticas reafirma este compromiso, destacando a importancia de promover a formación continua e a innovación para transformar o sistema sanitario.

Autor para correspondencia

María del Rosario Marín Arnés: [charochili@yahoo.es](mailto:charochili@yahoo.es)



## Implementación de guías de buenas prácticas en la enfermería: excelencia y evidencia en la atención sanitaria

### RESUMEN

La Unidad de Investigación en Cuidados de Salud (Investén-ISCIII) y la Asociación de Enfermeras de Ontario (RNAO) iniciaron en 2011 el Proyecto de Implantación de Guías de Buenas Prácticas en Cuidados (GBP) en España, con el objetivo de promover la práctica basada en la evidencia. En 2018, la EOXI de Lugo, Cervo y Monforte fue seleccionada para formar parte del Programa de Centros Comprometidos con la Excelencia en Cuidados (CCEC), integrándose en una red nacional de instituciones dedicadas a la aplicación sistemática de GBP para mejorar la atención sanitaria.

Las GBP, desarrolladas por la RNAO desde 1999, son herramientas rigurosas que ofrecen recomendaciones basadas en la evidencia para optimizar los cuidados al paciente y mejorar los resultados en salud. Su implementación en el Área Sanitaria de Lugo, A Mariña y Monforte de Lemos incluye guías para la

valoración del ictus, la disminución de las complicaciones del pie diabético, el manejo de accesos vasculares y el fomento de la lactancia materna. Estas iniciativas reflejan el compromiso del área sanitaria con la excelencia, destacando el papel fundamental de la enfermería en la integración de prácticas basadas en la evidencia y en la valoración integral del paciente.

La colaboración con proyectos como Investén-ISCIII y la iniciativa BPSO ha permitido consolidar un modelo de cuidados centrado en el paciente, interdisciplinar y fundamentado en la investigación más actual. La reciente redesignación del área sanitaria como Organización de Referencia para la Implementación de Mejores Prácticas reafirma este compromiso, destacando la importancia de promover la formación continua y la innovación para transformar el sistema sanitario.

## Implementing Best Practice Guidelines in Nursing: Excellence and Evidence in Healthcare

### ABSTRACT

The Health Care Research Unit (Investén-ISCIII) and the Registered Nurses' Association of Ontario (RNAO) launched the Best Practice Guidelines (BPG) Implementation Project in Spain in 2011, aiming to promote evidence-based practice. In 2018, EOXI Lugo, Cervo, and Monforte were selected to join the Best Practice Spotlight Organization (BPSO) Program alongside seven other institutions within the Spanish National Health System, becoming part of a national network committed to systematically applying BPGs to improve healthcare delivery.

The BPGs, developed by RNAO since 1999, are rigorous tools offering evidence-based recommendations to optimize patient care and improve health outcomes. Their implementation in the Lugo, A Mariña, and Monforte de Lemos Health Area includes

guidelines for stroke assessment, reducing diabetic foot complications, managing vascular access, and promoting breastfeeding. These initiatives reflect the health area's commitment to excellence, highlighting the critical role of nursing in integrating evidence-based practices and providing comprehensive patient assessments.

Collaboration with projects such as Investén-ISCIII and the BPSO initiative has helped establish a patient-centered, interdisciplinary care model grounded in the latest research. The recent redesignation of the health area as a Best Practice Spotlight Organization reaffirms this commitment, emphasizing the importance of continuous education and innovation to transform the healthcare system.



A Unidade de Investigación en Coidados de Saúde (Investén-isciii) e a Asociación de Enfermeiras de Ontario (RNAO) iniciaron en xuño de 2011 o Proxecto de Implantación de Guías de Boas Prácticas en Coidados (GBP) en España. En xaneiro de 2018, a EOXI de Lugo, Cervo e Monforte foi seleccionada xunto a outras 7 institucións do Sistema Nacional de Saúde (3ª cohorte) para formar parte do Programa de Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados (BPSO). Formando parte dunha Rede Nacional de Centros comprometidos coa aplicación sistemática de prácticas baseadas nos mellores resultados procedentes da Investigación en Coidados.

Os Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados (CCEC) son institucións sanitarias que se comprometen coa aplicación, avaliación e mantemento de boas prácticas en coidados. A denominación de CCEC recoñece a institucións que están comprometidas coa aplicación das GBP (Guías de Boas Prácticas) RNAO para mellorar os coidados ao paciente, concienciar sobre a práctica baseada na evidencia para potenciar e manter a implantación e avaliación de GBP. O obxectivo é crear grupos dinámicos e duradeiros centrados en achegar unha influencia positiva ao coidado do paciente<sup>1</sup>.

As GBP son ferramentas que proporcionan directrices e recomendacións para axudar aos profesionais e tamén aos usuarios na toma de decisións baseadas na evidencia, co fin de mellorar os coidados ao paciente, o enriquecemento da práctica profesional e a mellora dos resultados en saúde. Na súa elaboración utilízase unha metodoloxía sistemática, explícita e reproducible, valorando a calidade das fontes utilizadas e a clasificación da evidencia que aportan en cada cuestión.

A RNAO, co apoio e financiamento do seu goberno (Canadá), comezou a elaborar en 1999 guías de práctica clínica para enfermeiras, que pola súa especial orientación cara aos coidados de saúde foron denominadas GBP. As GBP RNAO seguen un proceso sistemático e estruturado moi rigoroso que garante a calidade das mesmas. Dispoñibles en: <https://www.bpsos.es/guias-de-buenas-practicas/>

Tras o seu desenvolvemento, RNAO lanzou unha convocatoria competitiva para centros e organizacións de saúde que estiveran interesadas en pilotar as GBP desenvolvidas, iniciándose así a iniciativa Best Practice Spotlight Organization (BPSO), coa finalidade de desenvolver, difundir, pilotar e avaliar as GBP RNAO. Esta iniciativa convócase cada 3 anos desde 2003 e en España, foi tra-

ducida como Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados (CCEC).

A iniciativa BPSO no Hospital Lucus Augusti de Lugo representa un paso significativo cara á mellora da atención sanitaria. A través da implementación de guías de práctica clínica baseadas na evidencia, o HULA busca garantir que os seus pacientes reciban a mellor atención posible, centrada nas súas necesidades e respaldada pola investigación máis actual. Este compromiso non só beneficia aos pacientes, senón que tamén fortalece o papel do persoal sanitario como axentes de cambio no sistema de saúde.

O pasado 23 de abril, a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos foi Redesignada como Organización de Referencia para a Implementación de Mellores Prácticas (BPSO®). Este recoñecemento, outorgado pola Asociación Profesional de Enfermeiras de Ontario (RNAO), destaca o compromiso continuo da área sanitaria coa aplicación e avaliación de guías de boas prácticas baseadas na evidencia no ámbito da saúde.



Imaxe 1. Xornada de BPSO do Hospital Universitario Lucus Augusti

Actualmente, as Guías implantadas na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos son:

- **Valoración do ictus mediante a atención continuada<sup>2</sup>:** implantada na unidade de neuroloxía do HULA.

Neste contexto sanitario en constante evolución, a enfermaría sitúase como un pilar fundamental na implementación de prácticas baseadas na evidencia, especialmente en áreas tan complexas e sensibles como a neuroloxía. A neuroloxía é unha especialidade médica que se ocupa dos trastornos do sistema nervioso. As enfermidades neurolóxicas, como o accidente cerebro-



vascular, a esclerose múltiple, o Parkinson e a demencia, requiren un enfoque de atención integral que combine o coñecemento médico cun coidado compasivo e personalizado. As enfermeiras nesta área son esenciais para garantir que os pacientes reciban unha atención de calidade, centrada nas súas necesidades e respaldada pola investigación máis actual.

A colaboración con iniciativas como as BPSO (Best Practice Spotlight Organizations), en alianza con Investén-ISCIll, marca un antes e un despois na forma de abordar os coidados en neuroloxía. Estas alianzas permiten incorporar as mellores prácticas baseadas na evidencia, garantindo que os pacientes reciban unha atención de calidade<sup>6</sup>.

Un paso clave nos coidados neurolóxicos é a valoración do estado cognitivo e emocional do paciente. Neste marco, as enfermeiras implementaron ferramentas clave como:

Mini-Mental State Examination (**MMSE**): utilizado para a valoración do estado cognitivo.

Beck Depression Inventory (**BDI**): ferramenta para detectar síntomas de depresión.

Estas ferramentas permiten identificar precozmente alteracións cognitivas ou emocionais e son fundamentais para deseñar plans de coidados individualizados que melloren a calidade de vida dos pacientes. A integración destas valoracións na práctica diaria reflicte o compromiso da enfermaría cun enfoque holístico do coidado. Este enfoque non só se centra na enfermidade, senón tamén no impacto que esta ten na vida emocional e cognitiva das persoas. Ao considerar estes aspectos, as enfermeiras poden ofrecer un coidado máis completo e efectivo, que promove o benestar integral do paciente.

As enfermeiras de neuroloxía están liderando un cambio significativo na forma de entender e abordar os coidados. A súa capacidade para implementar prácticas baseadas na evidencia, como as promovidas polas BPSO, e a súa sensibilidade para valorar aspectos complexos como o estado cognitivo e emocional, sitúanas como axentes clave na mellora dos resultados en saúde. Estas iniciativas non só benefician aos pacientes, senón que tamén reforzan o papel da enfermaría como unha profesión científica, innovadora e comprometida coa investigación e o desenvolvemento profesional. A formación continua e a actualización nas mellores prácticas son

esenciais para manter a excelencia na atención. O seu traballo non só mellora a calidade dos coidados, senón que tamén reforza a confianza dos pacientes e as súas familias nun sistema sanitario máis humano, eficiente e baseado na evidencia<sup>1</sup>.

Este camiño cara á excelencia non sería posible sen a colaboración entre profesionais, institucións e proxectos como Investén-ISCIll e IBERICTUS (proxecto de investigación e mellora da atención sanitaria centrado no manexo do ictus en España), que nos permiten avanzar xuntos cara a un modelo de coidados máis completo e integral. A sinerxía entre diferentes disciplinas e a comunicación efectiva son fundamentais para lograr un enfoque centrado no paciente.

Como colectivo, seguimos comprometidos coa formación, a investigación e a implementación de prácticas que melloren a atención sanitaria e a calidade de vida das persoas. Desde o Colexio de Enfermaría de Lugo, queremos destacar o traballo das nosas enfermeiras na mellora continua dos coidados, reflexando o seu compromiso coa excelencia profesional e o benestar dos pacientes.

• **A diminución das complicacións do pé nas persoas diabéticas**<sup>3</sup>: implantada en diversos centros de saúde da área sanitaria: San Roque, Becerreá, Meira, Illas Canarias, Mondoñedo, Baleira, Fingoi e Sagrado Corazón.

A diabetes mellitus é unha enfermidade crónica que pode provocar complicacións graves, como problemas no pé diabético. Esta guía, elaborada pola RNAO, céntrase na prevención e redución destas complicacións mediante prácticas baseadas na evidencia.

A guía destaca o papel fundamental das enfermeiras na valoración inicial e continua das persoas diabéticas, identificando factores de risco e implementando intervencións preventivas. Inclúe recomendacións para a educación ao paciente sobre o autocoidado, como a hixiene adecuada e o control da glicosa, así como estratexias para promover hábitos saudables que minimicen os riscos asociados.

Ademais, subliña a importancia da colaboración interdisciplinar na atención ao pé diabético, integrando os esforzos de enfermeiras, podólogos e outros profesionais sanitarios. A guía tamén promove a formación continua das enfermeiras para garantir que as intervencións sexan efectivas e estean actualizadas segundo os últimos avances científicos.



Esta iniciativa reflicte o compromiso da RNAO coa excelencia na práctica clínica, proporcionando ás enfermeiras ferramentas e recursos para mellorar a calidade de vida dos pacientes diabéticos e reducir as complicacións asociadas.

- **Accesos vasculares**<sup>4</sup>: implantada nas plantas de hospitalización do HULA, no hospital de día oncohematolóxico do hospital da Mariña, de Monforte de Lemos e do HULA, e na planta de cirurxía do hospital de Monforte de Lemos.

O acceso vascular é unha intervención crítica para moitos pacientes que requiren tratamentos intravenosos prolongados, como medicación, nutrición parenteral ou hemodiálise. Esta guía, desenvolvida pola RNAO, ofrece recomendacións baseadas na evidencia para garantir a seguridade e eficacia no manexo dos dispositivos de acceso vascular.

A guía proporciona pautas para a valoración inicial e continua dos accesos vasculares, destacando a importancia de identificar signos de infección, trombose ou mal funcionamento. As enfermeiras lideran a implementación de técnicas de asepsia estrita e a monitorización constante dos dispositivos, asegurando que os pacientes reciban unha atención segura e de calidade.

Ademais, inclúe recomendacións para a educación ao paciente sobre o coidado dos dispositivos de acceso vascular, promovendo a súa participación activa na prevención de complicacións. A guía tamén subliña a importancia da colaboración interdisciplinar para optimizar os resultados clínicos e garantir unha atención integral.

Esta segunda edición reflicte o compromiso da RNAO coa práctica baseada na evidencia e a mellora continua da atención sanitaria, proporcionando ás enfermeiras ferramentas esenciais para liderar o manexo do acceso vascular con excelencia profesional.

- **Lactancia materna**<sup>5</sup>: Actualmente en proceso de implantación.

A lactación materna é fundamental para a saúde e o desenvolvemento dos recém nacidos, lactantes e nenos pequenos. Esta guía, elaborada pola Registered Nurses' Association of Ontario (RNAO), ofrece recomendacións para fomentar e apoiar o inicio, a exclusividade e a continuación da lactación materna.

A guía destaca o papel das enfermeiras na promoción da lactación materna mediante a educación ás nais sobre técnicas de amamentamento e o apoio emocional durante todo o proceso. Inclúe pautas para identificar barreiras que dificulten a lactación, como problemas de agarre ou falta de produción de leite, e estratexias para superalas mediante intervencións personalizadas.

Ademais, subliña a importancia de crear contornos favorables para a lactación nos hospitais e na comunidade, garantindo que as nais reciban o apoio necesario en cada etapa. A guía tamén promove a colaboración interdisciplinar para abordar as necesidades específicas das nais e dos bebés.

Esta terceira edición reflicte o compromiso da RNAO coa práctica baseada na evidencia e a promoción da lactación materna como un elemento clave para a saúde materna e infantil, proporcionando ás enfermeiras ferramentas útiles para liderar esta práctica con excelencia profesional.

A implementación das Guías de Boas Prácticas en Coidados (GBP) na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos representa un exemplo paradigmático do compromiso coa excelencia na atención sanitaria. A través de iniciativas como os Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados (CCEC), estanse creando espazos que integran a práctica clínica baseada na evidencia, a investigación e a formación continua, garantindo que os pacientes reciban coidados fundamentados nos mellores resultados científicos dispoñibles.

O papel da enfermaría nesta transformación é innegable. As enfermeiras, como líderes no deseño e implementación de intervencións baseadas na evidencia, están a redefinir os estándares de calidade na asistencia sanitaria. Desde a valoración integral do paciente ata a aplicación de ferramentas específicas para mellorar os resultados en saúde, as enfermeiras demostran ser axentes clave de cambio e innovación dentro do sistema sanitario.

Iniciativas como a implantación das GBP RNAO en áreas críticas, tales como neuroloxía, accesos vasculares, coidados do pé diabético e lactación materna, subliñan a importancia de promover un enfoque interdisciplinar e centrado no paciente. Ademais, estas accións fortalecen a colaboración entre institucións e profesionais, consolidando redes dinámicas que favorecen a transferencia do coñecemento e a mellora continua.



Este modelo de excelencia, apoiado por proxectos como Investén-ISCIII e a iniciativa BPSO, marca un camiño cara a un sistema sanitario máis eficiente, humano e baseado na evidencia. A Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, coa súa recente redesignación como Organización de Referencia para a Implementación de Melloras Prácticas, reafirma o seu compromiso co progreso e a innovación nos coidados de saúde.

En definitiva, o traballo realizado nesta área sanitaria exemplifica como a combinación de investigación, formación e práctica clínica pode transformar a atención sanitaria, mellorar a calidade de vida dos pacientes e reforzar o papel da enfermaría como unha profesión científica, crítica e indispensable para o desenvolvemento dun sistema sanitario de excelencia.



Centro español para los cuidados de salud basados en la evidencia  
[www.evidenciaencuidados.es](http://www.evidenciaencuidados.es)

## BIBLIOGRAFÍA

1. Registered Nurses Association of Ontario. Guía de Buenas Prácticas en Enfermería. Cómo enfocar el futuro de la enfermería. Valoración del ictus mediante atención continuada. 1ª ed. Toronto: Registered Nurses' Association of Ontario (RNAO); 2005.
2. RNAO. Valoración del ictus mediante la atención continua [Internet]. 2021 [citado 2025 Jul 9]. Disponible en: [https://rnao.ca/sites/rnao-ca/files/Valoracion\\_del\\_ictus\\_mediante\\_la\\_atencion\\_continuada.pdf](https://rnao.ca/sites/rnao-ca/files/Valoracion_del_ictus_mediante_la_atencion_continuada.pdf)
3. RNAO. Disminución de complicaciones en el pie diabético [Internet]. 2014 [citado 2025 Jul 9]. Disponible en: [https://rnao.ca/sites/rnao-ca/files/2014\\_DisminucionComplicacionesPieDiab\\_022014.pdf](https://rnao.ca/sites/rnao-ca/files/2014_DisminucionComplicacionesPieDiab_022014.pdf)
4. RNAO. Acceso vascular [Internet]. 2021 [citado 2025 Jul 9]. Disponible en: [https://rnao.ca/sites/rnao-ca/files/bpg/translations/AccesoVascular\\_2021.pdf](https://rnao.ca/sites/rnao-ca/files/bpg/translations/AccesoVascular_2021.pdf)
5. RNAO. Prácticas basadas en la evidencia para la lactancia materna [Internet]. 2021 [citado 2025 Jul 9]. Disponible en: [https://rnao.ca/sites/rnao-ca/files/bpg/translations/BPG\\_Lactancia\\_Materna.pdf](https://rnao.ca/sites/rnao-ca/files/bpg/translations/BPG_Lactancia_Materna.pdf)
6. Piñero Sáez S, Sanz Aznarez AC, Ruiz García MV, González García MJ, Mena Sucunza L, Córcoles Jiménez MP. Implementación de la Guía de Buenas Prácticas: Evaluación del ictus a través del continuo de atención en pacientes hospitalizados. *Enfermería Clínica*. 2020;30(3):160-7. Disponible en: <https://doi.org/10.1016/j.enfcli.2019.10.026>